

MEMORIA FIN DE CURSO 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

1.- ESPAZO

O espazo que utilizamos principalmente foi a nosa aula (aula azul), que está organizada en diferentes recantos de libre circulación (os cativos/as collían a súa foto e elixían o recanto, seguindo as normas establecidas de cada un e o número de rapaces permitidos)

Os recantos que temos na aula son: **Recanto da oficina**; (levamos a cabo actividades variadas para traballar a lóxica matemática, lecto-escritura ou actividades relacionadas Proxecto Documental Integrado que se desenvolve no centro, dependendo do que tiñamos programado para ese día), **Recanto das construcións, Recanto de arte, Recanto da casiña ou xogo simbólico, Recanto de xogos e minimundos, Recanto da biblioteca, Recanto sensorial**. Unha vez que comezamos a desenvolver os proxectos, tamén tivemos un recanto con materiais específicos dos tema a investigar (**Recanto dos proxectos**).

Tamén contamos cunha zona destinada a asemblea.

Ademais fixemos uso da biblioteca do centro, do ximnasio, da aula de música e da aula STEM e para os momentos de recreo usamos o patio de infantil, aínda que nos momentos de chuvia usamos o corredor de infantil.

1.- ESPAZO PSICOMOTRICIDADE E MÚSICA

Descrición do **espazo físico** e o **equipamento**.

Psicomotricidade: o espazo que se empregou para dar clase de psicomotricidade foi o ximnasio da escola, aínda que nun primeiro momento (mes de setembro e comezos de outubro) empregábase a propia aula pois a rapazada aínda estaba afacéndose á escola.

Música: o espazo que se empregou para dar clase de música este curso foi a aula de música, dotada con diversos instrumentos, ordenador, altosfalantes, micrófonos...que fomos usando segundo o programado.

2.- ACTIVIDADES

Os primeiros días de curso foron destinados a coñecernos, coñecer os espazos, as rutinas, etc. Comezamos cunha incorporación gradual segundo o establecido na Orde 3 de maio de 2023 pola que aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e estivo organizado da seguinte maneira:

PERÍODO DE ADAPTACIÓN 3 ANOS (CURSO 2023-2024)

	GRUPO A	GRUPO B
LUNS 11/09/23 (1 HORA E MEDIA)	GRUPO A	9:30-11:00
	GRUPO B	11:30-13:00
MARTES 12/9/23 (1 HORA E MEDIA)	3 GRUPO A+2 GRUPO B	09:30-11:00
	2 GRUPO A+3 GRUPO B	

		11:30-13:00
MÉRCORES 13/9/23 (2 HORAS)	2 GRUPO A+3 GRUPO B	9:00-11:00
	3 GRUPO A+2 GRUPO B	11:30-13:30
XOVES 14/9/23 (3 HORAS)	TODOS/AS	9:30- 12:30
VENRES 15/9/23 (4 HORAS)	TODOS/AS	9:00-13:00

Durante estes días realizamos dinámicas cooperativas de cohesión de grupo como a “pelota”, para presentarnos e coñecernos mellor. Pouco a pouco fun presentando as diferentes rutinas, espazos, normas e a organización da aula.

Neste sentido, a xornada escolar divídooa en diferentes momentos, tales como:

-Propostas de xogo e aprendizaxe. As propostas de xogo e aprendizaxe son unha boa ferramenta para conectar aos cativos/as coas súas habilidades e potenciar os diferentes ámbitos de aprendizaxe. Estas teñen como finalidade crear unha entrada tranquila e relaxada, onde o neno e nena segue o seu propio ritmo.

Todos os días temos propostas cun patrón de acción ou guía e, despois, a liberdade de poder ir creando as súas aprendizaxes por si mesmos/as. Teñen unha duración de 15-20 minutos.



-Rematadas as propostas chega o momento da **assemblea**, onde os nenos e as nenas colócanse en semicírculo. Nela traballamos aspectos como a estimulación da linguaxe, lóxica matemática vendo cantos nenos/as están na aula ou na casa, vendo a data que es, e aspectos relacionados coa lecto-escritura, vendo as letras que teñan os nomes, escribindo a data etc

-Finalizadas estas tarefas diarias comezamos coa **circulación nos recantos**. No recanto da oficina realizamos o traballo de “mesa”; dependendo da actividade programada facémola por equipos que van rotando mentes os demais circulan polos diferentes recantos, ou todos/as xuntos/as.

-A continuación comezamos coas rutinas de hixiene para prepararnos para merendar e despois saír ó patio.

-Á volta do patio, relaxámonos e comezaremos coa “hora de ler”, onde gozaremos con diferentes contos.

-A continuación, seguiremos rotando nos recantos ou faremos a actividade que nos toque ese día, como pode ser música, valores, etc.

Antes das 14:00, recollemos e facemos unha pequena assemblea recordando o que fixemos durante a xornada.

PROXECTOS DE AULA

Na aula tamén levamos a cabo diferentes proxectos.

Durante o primeiro e o segundo trimestre centrámonos en investigar sobre **A SABANA**, tema relacionado co Proxecto Documental Integrado (PDI) deste curso “Un planeta cheo de vida”).

A partir de materiais aportados polas familias e outros recursos como libros da biblioteca ou pequenos vídeos en internet desenvolvemos diferentes actividades como coñecer os diferentes animais da sabana, o seu clima, a vexetación, etc, creando un Lapbook onde plasmamos a información máis relevante do tema.

No primeiro trimestre, tamén levamos a cabo un pequeno proxecto sobre **o noso nome**, onde a partir deste, iniciámonos na lecto-escritura dun xeito significativo para eles, creando o “libro viaxeiro dos fonemas” coas nosas iniciais e o seu son, gravados por nós mesmos e podendo escoitalo nun código QR. Tamén elaboramos un libro viaxeiro con todos os nosos nomes, que deberían pegar ó lado da foto correspondente.

Durante o terceiro trimestre levamos a cabo o **Proxecto “As abellas”** onde coñecemos o seu ciclo de vida, que fan, de que se alimentan, onde viven...podendo observar e experimentar en diferentes obradoiros levados a cabo en “Apópolis”, centro para a comprensión das relacións existentes entre os seres humanos e as abellas.

Outras actividades destacadas durante o curso foron:

-O protagonista da semana: que consiste en que, ao longo da semana cada neno/a converteuse na personaxe principal da aula, contando a súa historia persoal mediante fotos e os seus obxectos preferidos, como xoguetes, contos...etc, intentando expresar os seus gustos e preferencias.

-Actividades de experimentación e manipulación na mesa sensorial con elementos do contorno (piñas, castañas, millo, follas, noces, landras, diferentes cunchas, pezas de madeira, neve artificial, xeo tinxido pedras de diferentes cores, tamaños e texturas...)

-Actividades plásticas e artísticas como pintura expresiva coas mans, con pincel, con bastoncillos, témperas, acuarelas, collages, creación de murais, marcapáxinas, debuxos...)

-Servizo de préstamo de contos da biblioteca para levar a casa

-Actividades na aula STEM tanto no ordenador, no panel dixital, na radio, coas tablets, actividades de robótica, ou cos legos

-Mochila viaxeira

-Mochila relacionada co PDI

-Actividades complementarias e conmemoracións, tales como: o Samaín, o Magosto, Nadal, Entroido Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da muller, Visita do escritor Héctor Cajaraville, día do Libro, de Rosalía, das Letras Galegas, exposición de expertos...e saídas á Fundación Sales, Museo do mar, Sala Ártika (Migallas), Parque de Castrelos (Correlingua), ao entorno próximo como á Avenida de Castela onde observamos os cambios nas árbores e na paisaxe en outono, saída á praia de Bouzas ou a excursión de Fín de curso de E.I a “Apópolis” en Xeve, Pontevedra.

2.- ACTIVIDADES PSICOMOTRICIDADE E MÚSICA

Breve explicación das **actividades desenvolvidas** ao longo do curso.

Psicomotricidade: os obxectivos traballados neste curso foron: coñecer o espazo e o material, desenvolver unha imaxe corporal axustada e positiva, manter o equilibrio e adquirir a coordinación dinámica xeral. Para acadar estes obxectivos traballamos tanto actividades dirixidas tales como: circuítos, xogos cooperativos e bailes. Incidimos moito no emprego da música tanto para momentos de acción como para momentos de relaxación, a cal traballamos de diferentes xeitos e con diferentes materiais (teas, pelotas con pinchiños, globos, as propias mans...). Nos circuítos traballamos con aros, pelotas, globos, túneles, pegadas de mans e pés buscando que o alumnado realizase diferentes movementos (saltar, reptar, correr, exercicios de equilibrio...) para comprobar como se desenvolven no espazo, a súa axilidade... e, ao mesmo tempo, que traballen as dimensións acorde as capacidades da súa idade. Cos xogos tiñamos a finalidade de acercar ao alumnado á actividade física de xeito lúdico.

Música: en música levamos a cabo distintos tipos de actividades: de audición, discriminacións de sons, realizar sons e ritmos co noso propio corpo e con diferentes instrumentos, diferenciar “ruído-silencio”, coñecer diferentes estilos musicais, levar a cabo diferentes danzas, etc.

3.- RECURSOS

Utilizamos tanto recursos materiais (funxibles, non funxibles, naturais e de elaboración propia e aportados polas familias) como persoais (mestra de apoio, PT, AL, Orientadora, participación das familias en contacontos, obradoiros, etc.

Algúns materiais de elaboración propia foron os utilizados nas propostas educativas como os xeoplanos, botellas sensoriais e de discriminación visual, elementos para traballar a psicomotricidade fina como maquetas para “atar cordóns”, letras móbiles, dominós de palabras e imaxes ,

xogos manipulativos de lóxica-matemática, de asociación, de atención, dossiers propios dos diferentes proxectos levados a cabo, como “Lapbook da sabana”, “Libro viaxeiro dos fonemas”, “Libro dos nomes”.

Ademais, como citei con anterioridade utilizamos tamén os diferentes recursos do ximnasio, biblioteca, aula de música, Aula STEM, ou panel dixital.

3.- RECURSOS PSICOMOTRICIDADE E MÚSICA

Recursos e materiais de **elaboración propia**.

Psicomotricidade: Os recursos de elaboración propia foron o deseño dos circuítos e das propias sesións.

Música: utilizáronse os instrumentos musicais, música e cancións online.

4.- CURRÍCULO

Este curso, seguimos os aspectos establecidos xa pola **LOMLOE, e o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, que introduciron algúns cambios nas áreas de E.I.

Segundo a citada lexislación as ensinanzas de educación infantil organízanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil, e estas son:

- a) Comunicación e Representación da Realidade.
- b) Crecemento en Harmonía.

c) Descubrimiento e Exploración da Contorna.

Mediante a práctica educativa, contribúuse, principalmente, a consecución dos seguintes obxectivos :

a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.

b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.

c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.

e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.

f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.

h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.

i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Ademais, a etapa de educación infantil supón o inicio do proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave e contribúuse a consecución destas:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

En referencia ós principios pedagóxicos, a práctica educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena e de cada neno. Ademais, deberá levarse a cabo nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social, e o establecemento dun apego seguro.

A dita práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo. Nese sentido, as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas para cada unha das áreas.

En canto a avaliación esta é global, continua e formativa e a valoración do proceso de aprendizaxe fíxose de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos.

A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomáronse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.

As principais técnicas de avaliación foron a observación directa e sistemática, xunto coa a análise das producións das nenas e dos nenos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

Ademais, como todos os anos, fíxose unha avaliación inicial para descubrir o nivel de competencia curricular do alumnado entre outros. Unha vez que obtivemos os resultados, procedeuse a adaptar a programación.

4.- CURRÍCULO PSICOMOTRICIDADE E MÚSICA

Contribución ao desenvolvemento do currículo. Avaliación do proceso de ensino: metodoloxía, Pdi, e proceso de aprendizaxe do alumnado.

Psicomotricidade:

Contribuíuse, principalmente, aos seguintes obxectivos de etapa:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

A área que se traballou de forma principal foi a de “Crecemento en harmonía”.

A metodoloxía empregada foi lúdica coa finalidade de que o alumnado se achegase ás actividades físicas de xeito positivo e atopase gusto na realización de movementos, para dar pé a adquisición de hábitos saudables.

Música:

Contribuíuse, principalmente, ao obxectivo de etapa:

- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.

A área que se traballou de forma principal foi a de “Comunicación e representación da realidade”.

A metodoloxía utilizada foi lúdica e deixando espazo para o xogo e a expresión.

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

O grupo de 4º de E.I foi un grupo moi participativo, sempre moi disposto e motivado ante as diferentes propostas. Houbo un ambiente moi bo dentro da aula, aínda que as veces xurdiran conflitos típicos da idade.

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO PSICOMOTRICIDADE E MÚSICA

Participación activa do **alumnado**.

Psicomotricidade:

O alumnado participou de forma activa e desfrutou das actividades.

Música:

O alumnado participou de forma activa e desfrutou das actividades.

6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

A participación das familias foi en xeral moi boa, tanto nas actividades propostas dende o centro como ás da aula. Colaboraron na aportación de material para levar a cabo os proxectos, facendo contacontos, un obradoiro de cerámica, colaborando no obradoiro de elaboración de disfraces e participando nas actividades das mochilas viaxeiras.

Mantivemos ademais contacto directo nas diferentes reunións trimestrais, nas titorías e nas entradas e saídas.

6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO PSICOMOTRICIDADE E MÚSICA

Psicomotricidade:

A participación das familias non foi precisa, mais alá de que trouxeran a roupa axeitada para a actividade física (o que houbo que lembrar nalguna ocasión mediante unha mensaxe de abalar). Nalgún caso específico, as familias levaron aos seus fillos/as a estimulación motriz o que repercutiu moi positivamente na aprendizaxe do alumnado.

Música:

A participación das familias non foi solicitada.

7.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Realizáronse varias reunións de ciclo para poñer en común actividades, criterios e normas. Tamén coordinámonos programando nas diferentes comisións e participando nas actividades complementarias conxuntas. As reunións foron moi enriquecedoras.

7.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO PSICOMOTRICIDADE E MÚSICA

Participación activa do **profesorado** e da **comunidade educativa** no seu conxunto.

Psicomotricidade:

A coordinación e o intercambio de información coas titoras foi constante.

Música:

Este curso música foi impartida pola propia titora.

8.- ANÁLISE DOS RESULTADOS

Os resultados en xeral foron moi bos. Todos os nenos/as promocionan de curso

8.- ANÁLISE DOS RESULTADOS PSICOMOTRICIDADE E MÚSICA

Psicomotricidade:

Os resultados acadados foron positivos, observando melloras e cambios positivos no alumnado ao final do curso en comparación co inicio.

Música:

Os resultados acadados foron positivos, observando que o alumnado participou activamente, desfrutou e entendeu as actividades.

9.-DIFICULTADES ATOPADAS

OS/AS NOSOS/AS ALUMNOS/AS

A maior dificultade atopada foi atoparse con conductas típicas desta idade como rabietas, frustración, ou falta de autonomía, que dificulta ás veces poder levar a cabo as actividades propostas. Tamén a incorporación tardía dunha alumna, que supuxo volver a incidir en rutinas e normas de aula, e adicar de novo tempo a estes aspectos que xa estaban asumidos polo resto do grupo.

O grupo de 4º de E.I é un grupo formado por 11 alumnos/as, unha das cales comezou rematado xa o segundo trimestre. En canto a diversidade do alumnado, cabe destacar que algúns alumnos/as teñen unha linguaxe inmadura, aínda que ningún acudiu co especialista en AL de xeito individual.

9.-DIFICULTADES ATOPADAS PSICOMOTRICIDADE E MÚSICA

Tanto música como psicomotricidade están establecidas na terceira sesión da mañá, coincidindo co momento da merenda dos nenos/as polo que as sesións tiveron que reducirse en tempo e en ocasións non puideron levarse a cabo todas as actividades propostas.

10.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

Respecto ós espazos exteriores, sería convinte contar con máis zonas de sombra ou un espazo cuberto amplo para poder facer os patios os días de choiva ou de moito sol.

Tamén, para poder levar á cabo unha metodoloxía activa gustaríanos poder contar con presuposto para poder mercar material específico para este tipo de actividades que non podemos pedir no listado de material. Ademais gustaríanos poder contar cun espazo para infantil para poder facer obradoiros conxuntos, instalacións, desdobres, etc

Tamén propoñemos para o vindeiro curso manter a sesión semanal de PELO

10.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO PSICOMOTRICIDADE E MÚSICA

Sería convinte que as especialidades como psicomotricidade e música non se levaran a cabo na terceira sesión por coincidir co horario da merenda dos/as nenos/as o que fai que as sesións teñan que ser curtas.

Gustaríanos ter un espazo ao aire libre para poder facer algunha sesión fóra do ximnasio cando teñamos bo tempo.